

SAN MARTIÑO, PATRÓN DA PARROQUIA MILENARIA DE MOAÑA.

Por **Manuel Uxío García Barreiro**,

A meirande parte dos filólogos, especializados en toponimia, están de acordo en que "Moaña" procede dunha palabra indoeuropea posta, nos séculos V ou VI denantes da Era cristián, para nomear a un extenso lugar onde, no IX ou X da nosa Era, construíuse a primeira igrexa de San Martiño, destinada a encabezar unha parroquia eclesiástica e administrativa dependente do bispado de Iria Flavia. O documento máis antigo no que aparece o topónimo, foi escrito en latín e asinado no ano 1184; nel constátase a existencia da denominada:

.. /parrochia Sancti Martini de Moania ad Morracium ...

Traducida ao galego:

... /parroquia de San Martiño de Moaña no Morrazo ...

É dicir, a Moaña non a describen como entidade individual; pois o escribán que redactou e asinou o documento, recoñécena como parroquia cuxo patrón era San Martiño de Tours; este padroado era abondoso durante a Idade Media, época en que habitantes de varias aldeas, espalladas polas contornas das primeira igrexas, fundaban as parroquias.

De todo o expresado, dedúcese que en 1184 xa existía a parroquia moañesa con igrexa incluída e, polas inscricións do templo románico actual, coñécese que 13 anos máis tarde, en 1197, a instancias do nobre Fernando Arias, familiar do rei de León e Galicia Fernando II, foi consagrado.

En resumo, o nome dun extenso lugar encharcado ou pedregoso chamada Moaña, xa existía desde o século V ou VI antes de Cristo e os veciños das aldeas que se atopaban na súa contorna constituíron no IX ou X da nosa Era, unha parroquia rural encabezada por unha primitiva igrexa que foi botada abaixo para construír a románica actual, consagrada en 1197.




Outarelo pedregoso onde foi erguida a igrexa de San Martiño. Foto de Manuel Uxío.

No tempo de ir á procura do espazo que ocupaban os primeiros moañeses, de comezos, hai que ter en conta que no denominado "Monte do Castro do Cruceiro" separado por un foxo do adro de arriba da igrexa de San Martiño, o investigador moañés da prehistoria, Antonio Costa Iglesias, no ano 1973, atopou superficialmente varios anacos de cerámica castrexa, lisa e decorada e algunha tella romana (*tegula*). Todo este material pode ser comprobado nas fichas do Museo Arqueolóxico de Pontevedra, onde quedou depositado.

O castro está catalogado pola Xunta de Galicia coas siglas GA 36029022 e coa adscrición cultural á Idade de Ferro.

Os achados descritos do Monte do Castro veñen a confirmar que, como ocorre en castros similares, foi habitado por castrexos autóctonos que acabaron romanizándose ata compor un poboado galaico-romano. A partir de finais do século I, asentáronse en terreos feraces e máis chairos, onde crearon novas entidades de poboación ás que lle deron os nomes de vilas, casais e outros, tamén de orixe latina como Vilanova, Cima da Vila, Fondo da Vila, Fonte da Vila, Quintela, Quinteros, etc.



Imaxe LIDAR do castro do Cruceiro, Moaña. Arquivo de Antonio Costa.

As anteditas entidades fóronse transformando en aldeas, cuxos poboadores, puxéronse de acordo entre eles para construír un cemiterio que se descubriu no ano 2006, na zona sur do adro de arriba, sendo denominado por Patrimonio, Necrópole de San Martiño.

No libro parroquial de defuntos, depositado na actualidade no Arquivo Diocesano de Santiago, con data 31 do mes de decembro do ano 1741, descríbese:

Se falleció un pobre que andaba puerta por puerta; no se le administró por hallarse muerto y se enterró en el atrio, no se sabe de donde era.

Nese ano, os moañeses que finaban de acordo coas normas católicas, enterrábanse no interior da igrexa de San Martiño e, os poucos que se suicidaban ou procedían doutras parroquias, como no caso anterior, eran soterrados no recuncho do adro de arriba que dá ao vendaval.

Esta necrópole foi clausurada no ano 1763, co obxecto de alongar a igrexa. Na súa zona máis fonda, a 1,65 mts. de profundidade, atopáronse dous sartegos altomedievais, escarvados na rocha nai e unha tégula (tella romana) da mesma época. Como material de recheo, encontráronse dous muíños de man galaico-romanos; un deles desaparecido.

Considerado lugar sagrado polas familias das aldeas próximas, estas decidiron erguer, como foi sinalado, unha pequena igrexa rural que ía ser berce da parroquia que se estaba a constituír, posta baixo o padroado de San Martiño.

Coincidindo coa constitución da parroquia de San Martiño, o lugar de Moaña onde foi erguido o primeiro templo, estendeuse á superficie que ocupan na actualidade as parroquias eclesiásticas de San Martiño e O Carme. Por iso, o terreo orixinario onde se situaba a primitiva igrexa, foi substituído polos lugares de procedencia latina: Outeiro da Igrexa, Casanova e O Cruceiro.



Sartegos medievais procedentes da necrópole de San Martiño. Fotos de ADRO ARQUEOLÓXICA e de Manuel Uxío.



Foto 42: Zona I de Sector B en Adro Alto. Foto desde Oeste.

Para facer a actual igrexa románica de San Martiño, puxéronse de acordo o nobre Fernando Arias, que aparece na inscrición da portada, e as familias de todas as aldeas de Moaña; sendo, máis que probable o derrube do templo parroquial anterior situado, posiblemente, no seu baseamento.

Ao tempo de investigar as dúas inscricións do século XII que se atopan no tímpano da fachada e á altura da porta lateral da cara sur, o catedrático de latín moañés José B. Rguez. Parada, chegou á conclusión que o nobre da comarca de Ribadavía, Fernando Arias, despois de recibir do rei de León e Galicia, Fernando II, a herdade real de Sabaceda, mandou facer (ARIAS FECI, en latín) a igrexa románica de San Martiño que, segundo a inscrición lateral, foi feita para el e para todas as familias das aldeas de Moaña.

Con respecto aos persoeiros que aparecen no tímpano principal, trátase de San Martiño, o patrón; San Bricio e San Emiliano; estes santos, pouco coñecidos, é posible que os mandasen esculpir os frades do mosteiro bieito de Ermelo por tratarse de personaxes moi honrados pola orde; mosteiro que naquel tempo dispuña de moitos terreos de sementeira e montes en Moaña. Resta por determinar aos outros dous persoeiros que completan o tímpano; non hai dúbida sobre Fernando Arias, situado no recuncho dereito e, no que atinxe ao da esquina esquerda, as novas tecnoloxías fotogramétricas, aplicadas polo antedito, Antonio Costa Iglesias, determinaron recentemente que se trata dun home con vestimentas e coroa reais que non pode ser outro que o propio rei, Fernando II, benfeitor do mecenas.



Portada románica da igrexa de San Martiño e a figura do rei Fernando II que estaba sen identificar antes da fotogrametría usada por Antonio Costa.

A partir da consagración do templo románico en 1197, na documentación consultada impónse o termo, "Freguesía de San Martiño de Moaña" (freguesía provén do latín, *filiuseclesiae* = *fillos da igrexa*) sobre o de parroquia; freguesía que no ano 1836 xuntouse coas de Domaio, Meira e Tirán para constituír o novo termo municipal de Meira.

Os veciños de Moaña desexaban que a capital do novo municipio estivese na súa freguesía, aínda que abranguese menos parroquias, argumentando que tiña máis de 2000 habitantes e o río Meira (río da Fraga na actualidade) era un obstáculo importante para os desprazamentos, sobre todo nas épocas de enchentes,

ao que as autoridades provinciais respondían arredor do vantaxoso que era dispoñer de municipios de certa entidade de poboación e que Meira era o lugar adecuado para ser capital pola equidistancia que tiña con todas as parroquias do termo municipal.

A insistencia dos veciños de Moaña foi tida en conta polas autoridades superiores que, na data do 6 de novembro do ano 1874, ordenaron o troque da capital do distrito municipal, dende Meira a Moaña. Deste xeito remataron os trinta e oito anos da capitalidade en Meira para dar comezo ao Concello de Moaña con xurisdición nas mesmas parroquias de Domaio, Meira, Moaña e Tirán.

Un feito excepcional deuse no ano 1877 en que o Concello Constitucional de Moaña, asentado, tres anos atrás, en Quintela decidiu a fundación dun novo barrio, o da Praia, que partía do pequeno núcleo de poboación da Martinga integrado, daquela, en Quintela ao que se xuntou a despoboadá ribeira do mar dos lugares históricos da Miranda e Xeira.



*O novo barrio de A Praia, a comezos do século XX.
Pintura cedida por un particular.*

Perante o outono de 1899, chegaron á ría de Vigo, en barcos mercantes dende o Cantábrico, ducias de traíñeiras con patróns e proeiros para o ensino do seu manexo; montaban aparellos dunha nova arte de cerco - xareta.

Logo de liortas con armadores "xeiteiros" e restricións legais, a comezos do século XX puideron pescar licitamente, traendo o progreso e un forte de envolvimento económico á parroquia de San Martiño de Moaña e ás outras tres do concello.

A partir dos anos 40, ata os 70, do antedito século, na enseada moañesa abundaban os barcos moto-pesqueiros da ardora que daban emprego á meirande parte dos seus homes, conseguindo que Moaña fose unha auténtica potencia en canto á pesca de baixura. Esta situación deu orixe a que se incrementara moito a poboación nos barrios situados a carón do mar, A Praia e Seara.



*Moto-pesqueiros da ardora varados e fondeados
na Praia, nos anos 60. Arquivo de Manuel Uxío*

Como o desenvolvemento da ribeira do mar era constante e, parte da maioritaria poboación campesiña e gandeira moañesa ía transformándose en mariñeira, xurdiu a necesidade de erguer unha nova igrexa que substituíse ás capelas dos pazos do Real e do Rosal que, de xeito provisional, axudaban á parroquial de San Martiño na atención aos fregueses que se ían asentando no recentemente nomeado barrio da Praia e

nos achegados. A implantación dun cristianismo moi tradicional imposto, a partir do ano 1939, polos vencedores da Guerra Civil Española, axudou a fomentar o interese pola súa construción.

Diante de tal situación, o daquela patrón maior do Pósito de Pescadores, Xosé Costa Alonso, na data do 22 de xullo de 1942, publicou un artigo no xornal *Faro de Vigo*, segundo el mesmo relata nas súas memorias, sobre a comenencia de dispor doutro templo asentado na zona mariñeira de Moaña.

O artigo tivo un excelente efecto e del sinálase, deseguido, dous anacos dun dos seus parágrafos máis representativos:

Mas como "no solo de pan vive el hombre", no basta la prosperidad material para la felicidad de un pueblo. Y Moaña, que en el orden material ha progresado tanto - aunque actualmente esté sufriendo una aguda crisis – debe procurar también a todo trance su progreso espiritual ...

... levantando al lado de sus modernas y hermosas casas un Templo digno de tal pueblo que debe ser el mejor edificio de todos ...

A finais do ano 1946, Costa Alonso conseguiu das autoridades franquistas unha primeira subvención de 200.000 pesetas. Con eses cartos no verán de 1947, despois de mercar o soar e ter aprobado o proxecto para construír unha igrexa, grande e custosa, púxose a primeira pedra do futuro templo; acto no que, as autoridades franquistas da época, despois de arrincalo, nin sequera lle deron a oportunidade de asinar a acta; coa celebración dunha misa de campaña e despois da correspondente comida, segundo conversas mantidas co seu fillo maior:

Meu pai chegou á casa coas bagoas nos ollas lago de asistir a aquela misa, coincidente coa colocación da primeira pedra, despois de terse redactado e aprobado o correspondente proxecto, firmado por un arquitecto vigués e no que interveu un técnico da familia do pazo do Rosal.

Na data do 2 de xuño de 1950, produciuse o pasamento do vello párroco de Moaña, D. Enrique Rubido de la Gándara, á idade de 88 anos e, de seguido, os Sres. do Rosal exerceron, pola derradeira vez, os dereitos de presentación de abades, obtidos polo pazo a mediados do século XVII, despois de que os tivera á canguesa María Soliño, que os posuía con anterioridade.

Tomando en consideración tales dereitos históricos, o arcebispado compostelán elixiu ao daquela coadxutor D. Donato Bernárdez, nado en Coiro, como seguinte cura propio da parroquia de San Martiño, abríndolle o camiño para pilotar as obras de construción do novo templo.

Nada máis tomar posesión, dedicouse a desmontar dous vellos retablos do século XVII que, segundo lle comentou a un fregués, xa cumpriran a súa campaña e, con respecto a un sartego antropomorfo do medievo, que se atopaba na reitoral, mandou a un albanel que o reconvertese en lavadoiro.

No que atinxe á igrexa que se estaba a construír na Seara, igrexa moi necesaria na época, de cara a atender as necesidades espirituais dunha zona de Moaña que se estaba a estender, a súa idea era convertela en cabeza dunha grande parroquia moderna con máis fregueses que ningunha das outras do concello, aínda que para logralo tivese que incumplir as normas impostas polo arcebispado.

A igrexa abriuse ao culto na data do 21 de setembro de 1961 quedando catalogada durante tres anos como "Axuda da igrexa de San Martiño"; o mesmo que na actualidade sucede coa capela de Berducedo, con respecto a do Carme.

Bendición polo cardeal Quiroga Palacios da igrexa da Seara. Foto cedida por Juan J. Montenegro.



Tendo a oportunidade de continuar con esta situación ou, erixir a segregada como parroquia meramente eclesiástica, sen efectos civís, tal e como acontecía con outras que se estaban a construír nas cidades para atender aos seus incrementos de poboación, o párroco propuxo e conseguiu que o arcebispado de Santiago dividira en dúas, a todos os efectos, a parroquia milenaria de Moaña.

Segundo o decreto de división parroquial, asinado en nome do cardeal de Santiago, que seguiu fielmente as instrucións falsas aportadas polo párroco, D. Donato, a parroquia matriz de San Martiño quedaba moi favorecida no reparto de fregueses e barrios. Deste xeito, cumpría con amplitude as normas eclesiásticas; o malo foi que, na realidade, quedouse a segregada do Carme co 70 % dos habitantes e a matriz de San Martiño, unicamente co 30 %; número real de habitantes moi insuficientes para afrontar a conservación dos dous edificios máis emblemáticos de Moaña; o templo románico de San Martiño do século XII e a reitoral do XVI e XVII.



Inadecuada cuberta de formigón na nave románica da igrexa de San Martiño. Foto de Manuel Uxío.

Máis grave aínda, foi a perda de identidade parroquial dos moañeses, identidade forxada ao longo de máis de mil anos de convivencia; tal e como acontece nas veciñas parroquias de Domaio, Meira e Tirán que, a pesar da súa pertenza ao actual concello de Moaña, non deixan de manter fortes lazos de unión coas súas orixes parroquiais.

Débese recoñecer o esforzo feito por varios moañeses que, sen coñecer de todo o motivo de que o arcebispado compostelán aceptase os datos adulterados facilitados por D. Donato Bernárdez, decidiron acompañar a Santiago ao cura que o sucedeu. D. Heraclio Couzeiro, para solicitar que restaurasen a reitoral que estaba a punto de desprenderse; a resposta da Sé Compostelán foi que vendesen propiedades eclesiásticas de cara a ese fin cando non quedaba ningunha pois, xa se encargara o anterior párroco de allealas.

Por último, lembrarse do finado alcalde de Moaña, D. Xosé Manuel Millán Otero que facéndose eco das inxedanzas expresadas polo finado, José Antonio García Barreiro, irmán do asinante que o acompañou e, por outras persoas da parroquia histórica de San Martiño, accedeu a iniciar os trámites para poder lousar o antigo cemiterio moañés e o adro baixo para acometer, de seguido, a restauración da antiga reitoral.

Estas actuacións representan unha realidade que debe ser complementada coa adecuación da actual cuberta de cemento da nave románica do templo moañés que complementa a outras que están en fase de anteproxecto no espazo onde, máis de mil anos atrás, as familias que vivían en varias aldeas espalladas, erixiron a San Martiño de Tours como patrón de Moaña.

O Cruceiro, Moaña 1 de agosto de 2022

Manuel Uxío García Barreiro,

(Cronista oficial de Moaña) (Publicado en “Festa de San Martiño”. Novembro, 2022. Moaña)